DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

DIE-PBA

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ingaf
ingeniería y gestión sostenible

DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

Xullo 2017

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN 1

1.1.- ANTECEDENTES E MARCO NORMATIVO 1

1.2.- SOBRE O PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA 2

1.3.- SOBRE O DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO 7

1.4.- SOBRE A METODOLOXÍA EMPREGADA 7

2.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN 9

2.1.- OBXECTIVOS NORMATIVOS 9

2.2.- OBXECTIVOS XERAIS 9

2.3.- OBXECTIVOS URBANÍSTICOS 10

2.4.- OBXECTIVOS AMBIENTAIS 11

3.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN PROPOSTO E DAS SÚAS ALTERNATIVAS 20

3.1.- ÁMBITO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO 20

3.2.- ALCANCE DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO 20

3.3.- CONTIDO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO 20

3.4.- REFLEXIÓN PREVIA Á PROPOSTA DE ALTERNATIVAS 21

3.5.- ALTERNATIVAS RAZOABLES, TÉCNICA E AMBIENTALMENTE VIABLES 24

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN 28

4.1.- DESENVOLVEMENTO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO 28

4.2.- VIXENCIA E MODIFICACIÓN DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO 28

5.- POTENCIAIS IMPACTOS AMBIENTAIS 30

5.1.- METODOLOXÍA 30

5.2.- POTENCIAIS IMPACTOS AMBIENTAIS 30

5.3.- AVANCE DA AVALIACIÓN DOS EFECTOS DO PLAN 32

6.- INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES 41

6.1.- RELACIÓN COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT).....41

6.2.- RELACIÓN CO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (POL) 42

6.3.- RELACIÓN CON PLANS E PROXECTOS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL 43

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- ANTECEDENTES E MARCO NORMATIVO

O presente Documento Inicial Estratéxico (en diante DIE) forma parte do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que se somete a elaboración do Plan básico autonómico de Galicia (en diante PBA), e ten por obxecto a análise dos criterios ambientais e os principios de sustentabilidade aplicables neste caso.

A súa redacción vén determinada polo seguinte marco normativo:

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (en diante LOT)
- Lei 21/2013 , do 9 de decembro, de avaliación ambiental (en diante LAA)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG)

Por outro lado, o Plan básico autonómico é un instrumento de ordenación urbanística que ten a súa orixe na LSG, que o define no seu artigo 49 como "*o instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes.*"

Este PBA proponse dende a perspectiva de formalizar o modelo territorial establecido polas Directrices de ordenación do territorio de Galicia (en diante DOT) e os demais instrumentos creados pola Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia.

1.2.- SOBRE O PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

A Avaliación ambiental estratéxica, que se refire á avaliación ambiental respecto de plans e programas, permite a análise dos posibles efectos significativos sobre o medio ambiente coa finalidade de promover un desenvolvemento sustentable mediante a integración dos aspectos medioambientais, a análise e a selección de alternativas ambientalmente viables, e o establecemento de medidas para prever, corrixir e compensar os efectos adversos, así como aquelas para a vixilancia e o seguimento.

A LAA, en relación co ámbito da Avaliación ambiental estratéxica, determina a esixencia da aplicación deste procedemento á elaboración do PBA. Neste senso, no seu artigo 6.1 indica que *"serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:*

a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minaría, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo-terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural ou do uso do solo; ou ben,

b) Requiran unha avaliación por afectar a espazos Rede Natura 2000 nos termos previstos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

c) Os comprendidos no apartado 2 cando así o decida caso por caso o órgano ambiental no informe ambiental estratéxico de acordo cos criterios do anexo V.

d) Os plans e programas incluídos no apartado 2, cando así o determine o órgano ambiental, á solicitude do promotor."

Do mesmo xeito, a LSG determina no seu artigo 46.1 que tanto o Plan básico autonómico como a súa revisión será obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, e no seu artigo 46.2 que as súas modificacións menores serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

En canto aos trámites relacionados con este procedemento, o RLSG o determina no seu artigo 102, que o describe da seguinte forma:

"1. A consellería competente en materia de urbanismo promoverá a redacción do Plan básico autonómico. O órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao órgano ambiental un borrador do referido documento, xunto coa ***solicitude de inicio*** *da avaliación ambiental estratéxica ordinaria e do documento inicial estratéxico (artigo 50.1 da LSG).*

Este borrador será un documento íntegro co contido documental completo definido nos artigos anteriores.

2. O órgano ambiental, no prazo de tres meses, contados dende a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tras ***identificar e consultar*** *ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses (artigo 50.2 da LSG).*

O ***documento de alcance*** *do estudo ambiental estratéxico estará á disposición do público a través da sede electrónica do órgano ambiental e do órgano competente en materia de urbanismo (artigo 50.2 da LSG).*

Este documento determinará as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas que deban ser consultadas tras a aprobación inicial do plan, que, como

mínimo, incluirá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable (artigo 50.2 da LSG).

Simultaneamente, serán consultadas as empresas ou entidades titulares dos sistemas de infraestruturas de redes de servizos, as cales deberán facilitar información sobre os seus plans de investimentos en infraestruturas aprobados, así como sobre a planificación estratéxica plurianual para a súa adecuada coordinación coa planificación urbanística.

*O órgano competente en materia de urbanismo elaborará o **estudo ambiental estratéxico**, atendendo aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido esixible pola lexislación vixente (artigo 50.2 da LSG).*

Así mesmo, deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente.

No anexo II recóllese unha listaxe dos informes sectoriais preceptivos e do momento en que estes deben ser solicitados.

*3. A persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo procederá á **aprobación inicial** do Plan básico autonómico e someterá o documento a **información pública** durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nos boletíns oficiais das provincias e como mínimo en dous dos xornais de maior difusión na comunidade autónoma (artigo 50.3 da LSG).*

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico (artigo 50.3 da LSG).

O órgano competente en materia de urbanismo deberá solicitar aos municipios afectados informe determinante, realizar as ***consultas previstas no documento de alcance*** *do estudo ambiental estratéxico e solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos (artigo 50.3 da LSG).*

O informe dos municipios afectados referirase, como mínimo, aos seguintes termos:

– Conformidade coa listaxe de asentamentos de poboación identificados polo Plan básico autonómico para o concello correspondente.

– Correspondencia dos topónimos municipais cos utilizados no Plan básico autonómico.

– Calquera outro aspecto que o concello considere de interese na redacción do Plan básico autonómico, no seu ámbito de competencias.

Transcorrido o prazo de tres meses sen que se comunicasen os informes autonómicos e municipais solicitados, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 50.3 da LSG).

4. Transcorrido o período de consultas e de información pública, o órgano competente en materia de urbanismo modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará proposta final do documento de Plan básico autonómico. O órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo, de conformidade coa lexislación vixente (artigo 50.4 da LSG).

5. O órgano ambiental realizará unha ***análise técnica do expediente*** *e unha análise dos efectos significativos da aplicación do Plan básico autonómico no ambiente. Se durante a referida análise considera que a información pública ou as consultas non se realizaron correctamente, instará o órgano competente en materia de urbanismo para que repare o expediente no prazo máximo de tres meses. Neste*

suposto suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica (artigo 50.5 da LSG).

Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o órgano competente en materia de urbanismo non remitise o expediente reparado, ou se unha vez presentado é insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará a aquel a resolución de terminación (artigo 50.5 da LSG).

6. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, formulará a ***declaración ambiental estratéxica*** *no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, prorrogable por un mes máis por razóns xustificadas debidamente motivadas e comunicadas ao órgano competente en materia de urbanismo. A declaración ambiental estratéxica debe ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental e ten a natureza de informe preceptivo e vinculante (artigo 50.6 da LSG).*

7. Cumpridos os trámites sinalados nos puntos precedentes, o órgano competente en materia de urbanismo incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica no Plan básico autonómico, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 199.2 deste regulamento, e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan básico (artigo 50.7 da LSG).

8. O Plan básico autonómico será definitivamente aprobado polo Consello da Xunta, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo (artigo 50.8 da LSG).

9. O acordo de ***aprobación definitiva*** *do Plan básico autonómico e o documento que conteña a súa normativa serán publicados conforme o disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e o artigo 199 deste regulamento."*

1.3.- SOBRE O DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO

O presente Documento inicial estratéxico redáctase para establecer os condicionantes e medidas ambientais que se integran na formulación do Plan básico autonómico.

En canto ao contido, responde aos criterios establecidos no artigo 18.1 da LAA e no Documento explicativo sobre o DIE da páxina de Avaliación ambiental estratéxica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (en diante CMAOT), segundo os cales os apartados mínimos que deberá conter son os seguintes:

- Os obxectivos da planificación.
- O alcance e contido do plan ou programa proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.
- O desenvolvemento previsible do plan ou programa.
- Os potenciais impactos ambientais tomando en consideración o cambio climático.
- As incidencias previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.
- Información cartográfica

Estes contidos se desenvolven nos seguintes puntos do presente documento.

1.4.- SOBRE A METODOLOXÍA EMPREGADA

A elaboración do DIE terá como fío condutor o establecemento das variables de sustentabilidade, que servirán de referencia no desenvolvemento dos distintos apartados do documento facilitando deste xeito a análise e comprensión da información exposta.

Determínanse partindo do esquema de variables proposto polas DOT e polo Plan de ordenación do litoral (en diante POL).

Son as seguintes:

1. Solo
2. Paisaxe
3. Patrimonio natural
4. Patrimonio cultural
5. Atmosfera
6. Ciclo hídrico
7. Enerxía
8. Ciclo de materiais
9. Cambio climático
10. Mobilidade

2.- OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN

2.1.- OBXECTIVOS NORMATIVOS

Os obxectivos do PBA xorden, nun primeiro termo, das esixencias do artigo 49.3 da LSG, que se desenvolven con máis profundidade nos artigos do 91 ao 94 do RLSG.

Segundo estas normas, o plan conterá os seguintes catro apartados principais:

a) Relación cos instrumentos de ordenación do territorio, recollendo as súas determinacións e plasmando as áreas definidas nas DOT e no POL.

b) Afeccións derivadas das normas sectoriais, o que supón, por un lado, a recollida dos ámbitos de afección con incidencia no planeamento e por outro, a identificación dos elementos e os ámbitos de protección do patrimonio natural e cultural contidos en catálogos e inventarios oficiais.

c) Identificación dos asentamentos de poboación existentes segundo os criterios establecidos na normativa antedita e de acordo co sistema de asentamentos establecido nas DOT.

d) Regulación dos usos do solo e da edificación a través do establecemento de ordenanzas tipo.

2.2.- OBXECTIVOS XERAIS

O obxectivo xeral do PBA é o de establecer un marco de referencia na Comunidade Autónoma de Galicia que sirva de base para a formulación dos restantes instrumentos de planeamento xeral e de desenvolvemento, e que estea adaptado á lexislación urbanística vixente.

Con este plan preténdese contribuír á posta en valor do patrimonio natural e cultural do ámbito, á preservación da súa paisaxe, á conservación do seu sistema

ambiental e os seus procesos ecolóxicos e á loita contra o cambio climático, promovendo un desenvolvemento territorial e local sustentable e equilibrado.

Para acadar estes obxectivos xerais, o Plan debe establecer unha serie de obxectivos específicos, tanto urbanísticos como ambientais.

2.3.- OBXECTIVOS URBANÍSTICOS

Os obxectivos urbanísticos estrutúranse en catro bloques que responden ás determinacións do plan segundo a LSG.

En relación aos **instrumentos de ordenación do territorio**, o PBA trata de plasmar os ámbitos de aplicación das DOT, do POL e dos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como de recoller as súas determinacións que interveñen no ámbito.

En relación coas **normas sectoriais**, por un lado, o plan ocúpase de plasmar cartográficamente tódalas afeccións con incidencia no territorio coa finalidade de ter unha visión global e de despexar dúbidas sobre a súa aplicación, e por outro, da recollida de tódolos elementos patrimoniais da comunidade xunto coas súas áreas de protección para que estean reunidos nun único catálogo a escala autonómica.

En relación cos **asentamentos de poboación**, o PBA pretende formalizar o esquema do sistema de asentamentos establecido polas DOT identificando tódolos núcleos que cumpran os requisitos expostos na LSG, e reflectindo as entidades recoñecidas nos censos oficiais.

En relación á **regulación dos usos do solo e da edificación**, trata de establecer un marco regulador básico, pensado principalmente para os concellos con escasa ou nula actividade urbanística, e dando traslado do cumprimento das determinacións da LSG.

En resumo, trátase dun instrumento non propositivo que non ordena nin delimita, senón que informa das afeccións dos instrumentos territoriais e das normas sectoriais, recolle e plasma os elementos patrimoniais e os asentamentos de poboación, e formaliza as esixencias da normativa urbanística.

2.4.- OBXECTIVOS AMBIENTAIS

Para a determinación, tanto dos obxectivos xerais como dos obxectivos específicos dende o punto de vista medioambiental, se estruturan en función dunha serie de parámetros clave asociados ás variables de sustentabilidade, da seguinte maneira:

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVO AMBIENTAL XERAL
SOLO	Calidade do solo	Contribuír á minimización do consumo de solo e racionalización do seu uso
	Vocacionalidade de ámbitos	Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva, potencialidade e idoneidade
	Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos	Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos
	Usos do solo	Fomentar a integración e diversificación dos usos
PAISAXE	Integración paisaxística	Favorecer a integración paisaxística das actuacións
	Calidade paisaxística	Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe Potenciar a lexibilidade do territorio
PATRIMONIO NATURAL	Conservación do patrimonio natural	Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais Promover a preservación e recuperación da biodiversidade
	Fragmentación do territorio	Favorecer a conectividade ecolóxica
PATRIMONIO CULTURAL	Conservación do patrimonio cultural	Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais
	Integración do patrimonio cultural	Promover a integración das actuacións cos elementos patrimoniais
ATMOSFERA	Calidade do aire	Contribuír á redución das emisións contaminantes e dos efectos negativos da contaminación atmosférica sobre a poboación

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVO AMBIENTAL XERAL
CICLO HÍDRICO	Calidade da auga	Contribuír á previsión e evitación da contaminación das augas superficiais e subterráneas Favorecer o funcionamento do ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos, e o tratamento axeitado das augas
	Consumo de recursos hídricos	Fomentar un uso racional do auga e a adecuación dos sistemas de abastecemento ás demandas estimadas Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos
ENERXÍA	Consumo enerxético	Promover o aforro no consumo enerxético Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables
CICLO DE MATERIAIS	Xeración de residuos	Promover a xestión eficiente dos fluxos de materiais e residuos
CAMBIO CLIMÁTICO	Emisión de gases de efecto invernadoiro	Favorecer a redución das emisións dos GEI
	Adaptación e mitigación do cambio climático	Promover a adaptación ao cambio climático e a mitigación dos seus efectos
MOBILIDADE	Necesidades de mobilidade	Fomentar a redución das necesidades de mobilidade
	Equilibrio no reparto modal	Facilitar unha conectividade eficiente

De forma paralela a estes obxectivos xerais, que funcionarán como referencia estratéxica, establécense unha serie de obxectivos específicos, que desenvolven aos primeiros e que permiten integrar a compoñente ambiental no documento.

Cómpre ter en conta que, debido a que o PBA non propón ordenacións ou delimitacións de solo, a súa formulación non incidirá de forma directa en moitos dos parámetros analizados. Non obstante, si o fará de maneira indirecta a través do seu propio desenvolvemento por medio dos plans básicos municipais (en diante PBM). Neste senso, considérase axeitado indicar ou anticipar, ademais dos obxectivos relacionados estritamente co contido do PBA, aqueles referidos aos futuros PBM, xa que unha parte deles recolleranse nas ordenanzas.

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
SOLO	CALIDADE DO SOLO	Crear un marco de referencia como base para a planificación e a coordinación entre concellos Fomentar unha estratexia de ocupación densa e complexa Fomentar a compactidade dos asentamentos Promover a ocupación dos espazos baleiros en tramas urbanas e rurais fronte ás novas ocupacións Fomentar as actuacións de rehabilitación e renovación urbana fronte ás novas ocupacións Promover o establecemento de tipoloxías que optimicen o consumo de solo Fomentar o axuste do consumo de solo e os crecementos ás necesidades, características do ámbito e da contorna, e á súa dinámica socioeconómica

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
	VOCACIONALIDADE DE ÁMBITOS	Fomentar unha estratexia que responda á capacidade de acollida e a idoneidade das áreas do ámbito Favorecer un desenvolvemento acorde coas potencialidades do solo para os distintos usos Favorecer a integridade do solo rústico, polo seu potencial ambiental Contribuír á protección das zonas de alto valor ecolóxico e maior fraxilidade Contribuír á preservación dos solos agrarios e forestais de maior potencial produtivo Favorecer a preservación dos solos próximos a espazos protexidos para establecer áreas de transición coas zonas urbanizadas ou susceptibles de selo Promover a identificación e a recuperación de espazos degradados e dos solos contaminados
	EXPOSICIÓN A RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS	Identificar as zonas afectadas por calquera risco, para excluír ou limitar os usos do proceso urbanizador
	USOS DO SOLO	Favorecer a integración da actividade comercial cos usos residenciais Fomentar a aplicación de principios da ecoloxía industrial na planificación e deseño destes solos Potenciar as áreas de actividades existentes, a través da diversificación dos usos Promover o axuste da oferta de equipamentos e espazos libres públicos ás necesidades da poboación actual e futura do ámbito, tendo en conta a súa situación dentro do modelo territorial das DOT Favorecer a dotación dos servizos urbanísticos básicos para dar resposta ás necesidades da poboación
PAISAXE	INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA	Favorecer a integración da compoñente paisaxística en tódalas escalas de desenvolvemento do planeamento Promover a análise das características do medio e a adecuación das actuacións previstas a elas (topografía, vexetación natural, etc.) Fomentar a integración visual e paisaxística das actuacións (tipoloxía,usos, materiais, volume, texturas, etc.) na súa contorna

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
	CALIDADE PAISAXÍSTICA	Favorecer unha paisaxe urbana e rural de calidade Promover o uso público da paisaxe Propoñer medidas que incentiven o mantemento e posta en valor da paisaxe Propoñer medidas que favorezan a conservación dos elementos de estruturación e conectividade Propoñer medidas que favorezan a restauración dos espazos degradados Limitar as actividades que poidan alterar os valores e percepción da paisaxe Promover unha ordenación do solo que contribúa á protección da diversidade e calidade das paisaxes Fomentar o establecemento de actuacións que procuren a preservación da identidade propia dos asentamentos Contribuír á preservación das zonas de alta fraxilidade visual
PATRIMONIO NATURAL	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL	Contribuír á conservación e posta en valor dos espazos protexidos Contribuír á protección de áreas con valores que complementen a funcionalidade das áreas protexidas Contribuír á conservación e mantemento dos hábitats de interese comunitario, e das especies de flora e fauna incluídas nalgunha categoría de protección Contribuír á conservación e posta en valor do potencial ecolóxico de espazos agrícolas e forestal Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata Contribuír á integridade funcional dos sistemas naturais, a través do fomento da protección dos espazos de valor e das áreas de transición Promover o establecemento de zonas de transición que sirvan de amortecemento das posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables Promover o establecemento de actuacións que contribúan á recuperación dos sistemas naturais degradados (terrestres e litorais)

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
		Promover o axuste da intensidade de usos á capacidade de acollida dos sistemas naturais
	FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO	Contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del. Potenciar a conectividade ecolóxica do territorio , considerando como principais corredores os cursos fluviais e a vexetación de ribeira, as sebes en zonas agrícolas, as zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexo entre os hábitats e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna Promover a redución do número de elementos ou infraestruturas que supoñan un efecto barreira sobre os movementos da fauna, e establecer medidas para mitigar este efecto nas infraestruturas novas e existentes
PATRIMONIO CULTURAL	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Preservar os elementos de interese patrimonial, incorporándoos ao catálogo de patrimonio Promover a revitalización das zonas históricas como ámbitos residenciais e de actividade Fomentar o establecemento das zonas de afección e as medidas para a restauración, rehabilitación e conservación dos elementos patrimoniais Favorecer a posta en valor dos elementos identificados e a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación
	INTEGRACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Promover que se garanta a compatibilidade das actuacións con calquera elemento ou ámbito de interese do patrimonio cultural Fomentar a integración dos elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna ou perturbar a súa contemplación
ATMOSFERA	CALIDADE DO AIRE	Promover a regulación da implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes Fomentar o establecemento de medidas específicas que contribúan a reducir as emisións en canto á edificación (materiais de construción, sistemas de calefacción, etc.) e á mobilidade (eficiencia dos desprazamentos) nas actuacións que se prevexan

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
		Fomentar o establecemento de medidas necesarias de cara á redución da contaminación lumínica. Promover a zonificación acústica na ordenación e o establecemento de medidas de cara a minimizar os efectos das emisións acústicas sobre a poboación Contribuír ao límite de novas actuacións en zonas afectadas por contaminación
CICLO HÍDRICO	CALIDADE DA AUGA	Contribuír á protección daqueles espazos ligados ao medio hídrico Promover a mellora daquelas masas de auga deterioradas e garantir a funcionalidade dos ecosistemas ligados ao medio acuático Contribuír ao mantemento da permeabilidade natural dos terreos Promover a definición de solucións específicas adaptadas ás particularidades dos núcleos rurais, como pode ser o emprego de técnicas de baixo custo ou autónomas Promover o estudo da capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento Promover a evitación das afeccións sobre as fases do ciclo hídrico derivadas do desenvolvemento do planeamento, como a modificación da rede superficial, a alteración da calidade das augas superficiais e/ou subterráneas, a incidencia no réxime de correntes ou a delimitación de bolsas de solo urbanizable en zonas con risco de asolagamento Fomentar a redución ao máximo da superficie de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable para garantir o retorno da auga pluvial ao medio receptor Promover a valoración das características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente e xustificar a capacidade do servizo para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertedura ao medio Fomentar a revisión de redes de saneamento de tipo separativo para as novas actuacións (residencial, industrial ou terciario) , así como o establecemento de sistemas de saneamento autónomo para os solos de tipo industrial
	CONSUMO DE	Fomentar a implantación de sistemas e mecanismos de

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
	RECURSOS HÍDRICOS	aforro do recurso hídrico Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais Promover a valoración da cobertura e estado do sistema de abastecemento existente e xustificar a súa capacidade para dar servizo as ocupacións de solo propostas e o establecemento das medidas necesarias para garantir o servizo ao conxunto da poboación
ENERXÍA	CONSUMO ENERXÉTICO	Promover a integración do concepto de eficiencia enerxética no deseño da malla urbana, a través da creación de estruturas compactas e complexas integradas cos tecidos urbanos existentes Fomentar a adecuación da planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro Promover a incorporación de criterios bioclimáticos (localización, tipoloxía, orientación, etc.) ás actuacións, permitindo a máxima captación de enerxía solar e iluminación natural Fomentar a intervención nas características da rede de alumeado público e dos alumeados exteriores privados con fin de minimizar o consumo enerxético Promover o establecemento dun nivel mínimo de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados)
CICLO DE MATERIAIS	XERACIÓN DE RESIDUOS	Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe Promover a regulación das actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa recollida selectiva, reutilización e reciclaxe Fomentar a garantía da capacidade de recollida e xestión dos residuos no ámbito
CAMBIO CLIMÁTICO	EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO	Contribuír ao cumprimento dos obxectivos de redución de GEI establecidos pola Estratexia de Cambio Climático asociados á planificación territorial Fomentar as actuacións sobre a mobilidade, aumentando a súa eficiencia, e promovendo a compactidade dos núcleos para reducir os desprazamentos e favorecer a viabilidade do transporte público

VARIABLE	PARÁMETRO	OBXECTIVOS AMBIENTAIS ESPECÍFICOS
	ADAPTACIÓN E MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO	Contribuír ao establecemento de medidas de adaptación e mitigación do cambio climático
MOBILIDADE	NECESIDADES DE MOBILIDADE	Favorecer o reforzamento da compactidade dos asentamentos e a mellora da eficiencia do transporte público para reducir as necesidades de mobilidade Fomentar a planificación de forma integrada dos usos do solo e o transporte, co obxectivo de favorecer a accesibilidade e reducir a mobilidade obrigada Fomentar a análise das necesidades de mobilidade obrigada derivadas das ocupacións de solo propostas e a súa afección sobre a malla urbana existente
	EQUILIBRIO NO REPARTO MODAL	Favorecer a accesibilidade aos principais puntos tractores (servizos, equipamentos, áreas de interese ou aquelas zonas derivadas da mobilidade obrigada) e a utilización de medios de transporte sustentable (transporte colectivo, a pé ou en bicicleta) Fomentar a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte, así como o deseño dunha malla de mobilidade eficiente que potencie alternativas ao vehículo privado

3.- ALCANCE E CONTIDO DO PLAN PROPOSTO E DAS SÚAS ALTERNATIVAS

3.1.- ÁMBITO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O ámbito xeral do PBA corresponde ao conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2.- ALCANCE DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O PBA ten a natureza de instrumento de planeamento urbanístico e substituirá ás Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais, que segundo determina a disposición transitoria sétima do RLSG manterán a súa vixencia ata o momento de aprobación definitiva do antedito plan.

Segundo o artigo 49.2 da LSG o *"instrumento será aplicable nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal e terá carácter complementario do planeamento municipal."*

Neste senso, o artigo 90.2 do RLSG, puntualiza que *"en virtude deste carácter complementario, as determinacións do Plan básico autonómico serán de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente"*

3.3.- CONTIDO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O contido mínimo do Plan básico autonómico vén indicado no artigo 95 do RLSG, que amplía as esixencias da LSG e segundo o cal, o PBA conterá os seguintes documentos:

"a) Memoria xustificativa dos seus fins, obxectivos e determinacións.

b) Planos de delimitación dos ámbitos de aplicación dos instrumentos de ordenación do territorio.

c) Planos de delimitación das afeccións sectoriais.

d) Plano de identificación dos asentamentos de poboación.

e) Ordenanzas tipo de edificación e uso do solo.

f) Catálogo."

Posteriormente o propio RLSG desenvolve nos artigos seguintes as esixencias relativas a cada un destes documentos.

3.4.- REFLEXIÓN PREVIA Á PROPOSTA DE ALTERNATIVAS

Antes de analizar as distintas alternativas, cómpre comentar que o PBA se trata dun instrumento que non propón ordenacións nin desenvolvementos urbanísticos. Debido a esta natureza, as alternativas que se estudan variarán en función do grao de detalle e da flexibilidade que permita o documento para o seu desenvolvemento.

A decisión final estará fortemente condicionada pola viabilidade técnica, xa que ao tratarse dun instrumento a escala da comunidade autónoma, acadar un grado de detalle excesivo pode resultar desproporcionado e incluso contraproducente, xa que certos aspectos terán máis sentido desenvoltos polos plans básicos municipais.

Previamente a abordar as alternativas, analizaranse os posibles graos de profundidade en función das determinacións do plan.

En canto á relación cos instrumentos de ordenación do territorio.

Un primeiro nivel de detalle sería o de recoller as determinación dos instrumentos de ordenación do territorio, especialmente as DOT e o POL, así como plasmar as distintas áreas definidas por estas figuras de planeamento.

Un segundo nivel podería ser o da incorporación dos plans sectoriais como elemento de referencia no territorio, así como o ámbito de aplicación dos distintos proxectos sectoriais, verificando o seu grado de cumprimento.

En canto ás afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.

Neste caso cómpre diferenciar, por un lado, o tipo e volume de información plasmada ao respecto, e por outro, a maneira de reflectir esa información.

Neste senso, o primeiro nivel podería ser o de recoller a información sobre afeccións esixida pola normativa urbanística, e o segundo, ademais de recompilar outra información adicional que complemente á primeira, incorporar tamén de xeito gráfico o contido das propias normas sectoriais que só estea recollido nas mesmas de xeito escrito, contribuíndo a unha mellor comprensión.

En canto á identificación dos asentamento de poboación existentes.

Como vén determinado no artigo 93.2 do RLSG, o plan clasificará os asentamentos tomando como referencia o esquema do sistema de asentamentos establecido polas DOT, diferenciando os seguintes tipos:

- Os asentamentos do sistema de grandes cidades (rexións e áreas urbanas)
- Os asentamentos do sistema urbano intermedio (cabeceiras e subcabeceiras comarcais)
- Os nodos para o equilibrio do territorio

- Os núcleos principais dos restantes concellos e parroquias rurais
- Outros asentamentos.

Neste senso, pártese das entidades de poboación contidas no Nomenclátor de Galicia, e un primeiro nivel podería ser o de subdividilas nos grupos xerais considerados polas DOT.

Un segundo nivel de detalle podería ser o de identificar os asentamentos subdividindo os grupos das determinacións das DOT, e como estas xa identifican os núcleos pertencentes aos tres primeiros niveles (sistema de grandes cidades, sistema urbano intermedio e nodos para o equilibrio do territorio) o PBA podería identificar o cuarto grupo, diferenciando as capitais municipais dos núcleos principais das parroquias rurais.

En canto á regulación dos usos do solo e da edificación.

No relativo ás ordenanzas, segundo o artigo 100.1 da RLSG o plan deberá incorporar unha ordenanza tipo de disposicións xerais, e como mínimo as seguintes ordenanzas tipo particulares:

- Ordenanza reguladora do solo urbano consolidado. Uso residencial. Edificación intensiva.
- Ordenanza reguladora do solo urbano consolidado. Uso residencial. Edificación extensiva.
- Ordenanza reguladora do solo urbano consolidado. Uso industrial e terciario.
- Ordenanza reguladora do solo destinado a equipamentos.
- Ordenanza reguladora do solo destinado a infraestruturas de redes de servizos.
- Ordenanza reguladora do solo destinado a infraestruturas de comunicacións.

- Ordenanza reguladora do solo destinado a espazos libres e zonas verdes.
- Ordenanza reguladora do solo de núcleo rural tradicional.
- Ordenanza reguladora do solo de núcleo rural común.
- Ordenanza de protección do solo rústico.

Posteriormente, no punto 100.3 da devandita norma, indícanse as condicións que deben incluír estas ordenanzas.

Tendo isto en conta, o primeiro nivel de detalle podería ser o de definir estritamente aquelas ordenanzas esixidas pola normativa, mentres que un segundo nivel definiría máis ordenanzas ou subtipos de ordenanza e acadaría máis detalle nos condicionantes esixidos para cada ordenanza, incorporando esixencias en canto á forma e a envolvente da edificación, os elementos singulares, condicións estéticas, etc.

Independentemente, outro aspecto a ter en conta é a adaptabilidade das propias ordenanzas, de forma que en función de certos parámetros nos PBM poida optarse por aplicar un subtipo ou outro de ordenanzas; e a flexibilidade da regulación, permitindo en certos casos e en base a unha análise detallada e xustificada, que o planeamento de desenvolvemento incorpore maiores esixencias ou concrete algunhas das contidas no PBA.

3.5.- ALTERNATIVAS RAZOABLES, TÉCNICA E AMBIENTALMENTE VIABLES

Para a proposta previa de alternativas, terase en conta a fase inicial do proceso na que se atopa a elaboración do PBA.

Por outro lado, non se achega cartografía asociada sobre o alcance das alternativas formuladas xa que as opcións teñen que ver principalmente co volume e grado de detalle da información a incluír, aspectos que, ou ben non poden ser plasmados graficamente, ou ben dos que aínda non existe documentación gráfica.

Convén ter presente tamén que como as diferenzas entre alternativas non se basean en distintas propostas de ordenación senón en distintos grados de definición e de adaptabilidade do documento, a elección final da alternativa pode non corresponderse estritamente cunha delas, senón materializarse nunha proposta intermedia.

En calquera caso, establécense tres alternativas:

Alternativa 0

Esta alternativa se correspondería coa opción de non realizar o plan.

Dende o punto de vista urbanístico, isto suporía a continuidade da situación anterior, non compatible coa lexislación vixente, e implicaría a aplicación do réxime urbanístico da disposición transitoria primeira da LSG respecto dos municipios sen planeamento.

O plan, como xa se indicou en apartados anteriores, nace co obxectivo de establecer un marco regulador básico que poida ser referencia para o planeamento urbanístico no ámbito da comunidade, e poida ser desenvolto a través dos plans básicos municipais para que os concellos con menos de 5000 habitantes e que non conten con instrumento de planeamento urbanístico estean dotados dun instrumento adaptado á nova regulación urbanística.

Ambientalmente, debido aos maiores niveis de esixencia nesta materia que existen actualmente, tanto no ámbito comunitario como no estatal e autonómico, faise necesario o establecemento dun instrumento que recolla tódalas afeccións e incorpore medidas para a protección do patrimonio natural e cultural e promova un desenvolvemento sustentable no territorio.

Alternativa 1

Esta alternativa significaría a elaboración do PBA da forma máis xenérica, formalizando as determinacións das DOT e o POL, salvagardando as afeccións contidas nas normas sectoriais, identificando os asentamentos de poboación segundo o esquema proposto das DOT e indicando unhas ordenanzas tipo xenéricas dando traslado ás esixencias da LSG.

Basearíase na premisa de establecer un marco básico, cumprindo as esixencias normativas respecto ao seu contido, para logo ser desenvolto polos PBM.

Alternativa 2

Esta alternativa significaría a elaboración do PBA de forma máis exhaustiva.

Contería as definicións precisas das afeccións sectoriais, dando traslado do seu regulamento interno e das súas peculiaridades. Asemade, recollería máis información respecto aos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como outra información adicional no relacionado coas afeccións sectoriais.

No tocante á identificación dos asentamento, entraría a definir un nivel intermedio na subdivisión do cuarto nivel do sistema de asentamentos proposto polas DOT, achegando unha información extra na xerarquía deses núcleos dentro do modelo territorial, a prol dunha maior eficiencia na ordenación dos servizos e das dotacións futuras.

Por último, en relación ás ordenanzas, acadaría un maior grado de detalle; tanto nos tipos de ordenanzas, establecendo subtipos que se poidan acomodar aos distintos asentamentos, en especial nos núcleos rurais, como nos parámetros definidos nelas, permitindo unha maior adaptabilidade á hora de trasladalas aos plans básicos municipais.

O fin sería o de formalizar un documento máis completo que puidese servir de referencia para a clasificación e categorización dos distintos tipos de solo nos PBM, e como apoio aos PXOMs vixentes, poñendo en valor o seu carácter complementario respecto destes instrumentos de planeamento.

Neste senso, trataríase de representar na cartografía a información con máis precisión, se ben parte desta información actualmente está en elaboración ou non está dispoñible.

4.- DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN

4.1.- DESENVOLVEMENTO DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O PBA se desenvolverá a través dos Plans básicos municipais.

A LSG no seu capítulo IV establece que *"os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non conten cun instrumento de planeamento xeral. Teñen por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos esixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico."*

Estes instrumentos de planeamento conterán as determinacións e os documentos que se establecen no artigo 63 e seguirán o procedemento de aprobación descrito no artigo 64.

Terán vixencia indefinida ata que se aprobe o correspondente plan xeral de ordenación municipal.

4.2.- VIXENCIA E MODIFICACIÓN DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

Segundo o artigo 82.1 da LSG e o 199.1 do RLSG o Plan básico autonómico terá vixencia indefinida.

O seu acordo de aprobación definitiva será publicado seguindo as esixencias indicadas no 199.2 e 199.3 do RLSG, de forma que a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do PBA *"quedan condicionadas á súa publicación de conformidade co establecido neste artigo, á inscrición do instrumento*

no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no capítulo X do título II deste regulamento, e ao que dispoña para tal efecto a lexislación vixente en materia de réxime local" tal e como se indica no artigo 199.4 do RLSG.

A súa modificación seguirá o artigo 200 da mesma norma, que establece no punto 4 que *"a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación"*

Por outro lado, o RLSG establece no seu artigo 90.4 que *"os cambios derivados de modificacións das afeccións sectoriais e da aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio vincularán o Plan básico autonómico, que terá que adaptarse a eles. Para tales efectos, a consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo promoverá a actualización da súa cartografía en consonancia cos cambios operados."*

5.- POTENCIAIS IMPACTOS AMBIENTAIS

5.1.- METODOLOXÍA

Para tratar este apartado, como no resto do documento, tomaranse como referencia as variables de sustentabilidade definidas no punto 0.4 do DIE:

- Solo
- Paisaxe
- Patrimonio natural
- Patrimonio cultural
- Atmosfera
- Ciclo hídrico
- Enerxía
- Ciclo de materiais
- Cambio climático
- Mobilidade

No apartado 4.2. óptase por enumerar os impactos potenciais relativos ás distintas variables, e no apartado seguinte, por relacionalos coa natureza e alcance do PBA.

En fases máis avanzadas do proceso de elaboración do plan, afondarase na análise dos efectos asociados a cada unha das alternativas propostas, así como nunha valoración máis exhaustiva dos mesmos.

5.2.- POTENCIAIS IMPACTOS AMBIENTAIS

Cómpre ter en conta que, debido á natureza do propio plan, que non propón ordenacións nin desenvolvementos urbanísticos, é previsible que non supoña

impactos ambientais de forma directa. Debido a isto, considérase recomendable reflexionar non só sobre os posibles efectos derivados da aprobación do presente plan, senón tamén aqueles posibles efectos que poidan producirse polo seu desenvolvemento a través dos PBM.

Como primeira aproximación, a nivel xeral, os potenciais impactos ambientais derivados da formulación e do desenvolvemento do presente PBA poderían ser os seguintes:

VARIABLE	PARÁMETRO	IMPACTOS
SOLO	CALIDADE DO SOLO	Derivados do consumo excesivo de solo e da artificialización do chan natural
	VOCACIONALIDADE DE ÁMBITOS	Derivados do cambio do destino do solo a un uso non idóneo e da presión sobre os solos con potencialidades ambientais, que afectan fundamentalmente aos solos de vocación agrícola
	EXPOSICIÓN A RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS	Derivados da ocupación de zonas con riscos e da xeración de novos riscos coas actuación que se propoñan
PAISAXE	INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA	Derivados do impacto visual e da integración paisaxística deficiente das actuacións
PATRIMONIO NATURAL	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL	Derivados da presión sobre os espazos naturais, hábitats de interese, e especies protexidas, e do deterioro dos espazos agrícola e forestal
	FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO	Derivados da presión sobre a costa, as canles e a vexetación de ribeira, así como da falta de conexión entre os espazos e corredores que favoreza o seu funcionamento como un sistema ecolóxico en rede
PATRIMONIO CULTURAL	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	Derivados da carencia na identificación dos elementos así como dunha integración non axeitada das actuacións, alterando as súas características ou perturbando a súa contemplación
ATMOSFERA	CALIDADE DO AIRE	Derivados da falta de control das emisión de contaminantes á atmosfera, e da contaminación acústica e lumínica
CICLO HÍDRICO	CALIDADE DA AUGA	Derivados da impermeabilización dos terreos pola ocupación do solo e da contaminación das augas
	CONSUMO DE RECURSOS HÍDRICOS	Derivados da xestión deficiente dos recursos hídricos e da insuficiencia ou inadecuación dos sistemas de saneamento

VARIABLE	PARÁMETRO	IMPACTOS
ENERXÍA	CONSUMO ENERXÉTICO	Derivados da ineficacia dos sistemas existentes e da non promoción do uso de recursos enerxéticos renovables
CICLO DE MATERIAIS	XERACIÓN DE RESIDUOS	Derivados da falta ou inadecuación de recollida e xestión dos residuos no ámbito
CAMBIO CLIMÁTICO	EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO	Derivados da dispersión dos núcleos e das emisións
MOBILIDADE	NECESIDADES DE MOBILIDADE	Derivados das necesidades crecentes de mobilidade, e do efecto barreira das infraestruturas

5.3.- AVANCE DA AVALIACIÓN DOS EFECTOS DO PLAN

Como consecuencia da aprobación do PBA e do seu desenvolvemento, os elementos que forman as distintas variables ambientais se verán afectados en maior ou menor medida. Este efecto poderá ser, por un lado, de carácter directo, se é derivado da aprobación do plan, ou de carácter indirecto se é debido ao seu desenvolvemento; e por outro, os impactos poderán ser positivos ou negativos.

Ademais dos efectos sobre as variables estritamente ambientais, incorpórase na parte final do apartado a avaliación dos posibles efectos que terá o plan sobre a sociedade.

EFECTOS SOBRE O SOLO

En relación á **calidade do solo**, o presente plan non clasifica solo nin propón desenvolvementos urbanístico, polo que se trata dun instrumento que non consume ni cambia o uso do mesmo. Polo tanto, non presenta ningún crecemento expansivo con efectos negativos no medio.

En canto á formulación dos PBM, aínda que non proporán tampouco desenvolvementos a través de solos urbano non consolidados ou solos

urbanizables, si clasificarán e delimitarán o solo urbano consolidado e os solos rurais, determinando os seus límites e o seu posible crecemento.

Neste senso, no PBA sentaranse as bases para esa ordenación a partir do número de asentamentos identificado, xa que só estes asentamentos poderán ser clasificados polo PBM.

Do mesmo xeito, as condicións que se establezan nas ordenanzas condicionarán a densidade e as características dos crecementos propostos no PBM, se ben serán estes últimos os que definirán o alcance desas posibles ocupacións de solo.

En relación á **vocacionalidade dos ámbitos**, o PBA recolle as áreas de alto valor ecolóxico como os espazos protexidos, así como as zonas de concentracións parcelarias. Ademais, incorpora a opción da realización dun estudo de capacidade de acollida e de idoneidade territorial para que o PBM realice unha clasificación do solo rústico adaptada ás potencialidades do ámbito e que poida complementar ás afeccións da normativa sectorial apoiándose no artigo 49.3 do RLSG.

En relación á **exposición a riscos naturais ou tecnolóxicos**, o plan recolle as áreas asolagables existentes no ámbito e indica a necesidade de que o PBM identifique o resto de zonas afectadas por riscos, así como a existencia e localización de espazos degradados.

En canto aos **usos do solo**, e en concreto na procura dun desenvolvemento económico equilibrado, nin o PBA nin os PBM proporán desenvolvementos urbanísticos que poidan ter efectos salientables para a economía do ámbito.

Non obstante, indícase no plan a importancia de diversificación dos usos e da vinculación de actividades conexionadas co aproveitamento dos recursos autóctonos.

Por outro lado, nas ordenanzas, establécense, de acordo coa LSG, os usos permitidos en cada clase de solo, así como as recomendacións de integrar as áreas económicas coa contorna, a creación de ámbitos de traballo de calidade e a aplicación dos principios de ecoloxía industrial neste tipo de usos.

EFECTOS SOBRE A PAISAXE

En relación á **calidade paisaxística**, este instrumento recolle as áreas de valor paisaxístico presentes nos distintos documentos de ordenación territorial e nas normas sectoriais, zonas que posteriormente deberán ser clasificadas como solo rústico de especial protección paisaxística polos PBM, o que fomenta a preservación de estas áreas de gran interese, co conseguinte efecto positivo.

A identificación dos asentamentos poboacionais é o primeiro paso para o seu recoñecemento e posterior clasificación por parte dos PBM, e se considera que a localización e a natureza destes núcleos garda unha relación moi estreita coa identidade do territorio.

Por outro lado, recóllense outros elementos estruturantes como as distintas rutas do Camiño de Santiago.

En canto á **integración paisaxística**, defínense nas ordenanzas distintos criterios para a implantación e a edificación que favorecerán a adaptación ao entorno. A posible flexibilidade dalgúns dos parámetros apoiada nun estudo detallado realizado no PBM permite que o plan sexa adaptable ás condicións particulares dos municipios e se respecten as características concretas de cada zona.

Neste senso, incorpórase tamén a recomendación de realizar estudos de paisaxe e de integración paisaxística coa finalidade de mellorar a calidade visual do medio urbano e o medio rural.

EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO NATURAL

Para a análise dos impacto sobre o patrimonio natural, cobra especial importancia a regulación do solo rústico.

En relación á **conservación do patrimonio natural**, o plan non propón clasificación de solo nin desenvolvementos urbanísticos para novos urbanizables ou sistemas xerais, polo que non existirán procesos de urbanización que afecten a formacións vexetais de valor, fauna ou espazos con valor ecolóxico.

Pola contra, recolle os espazos naturais protexidos e os espazos complementarios derivados da protección sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio. Cómpre recordar neste punto, a importancia de establecer zonas de transición asociadas a estes espazos.

O PBA recorda a importancia de protexer os espazos forestais e agrícolas non só por motivos produtivos, senón tamén por motivos ecolóxicos, debido á gran importancia ambiental das masas arboradas e do mosaico agrario, tanto polos seus beneficios na loita contra o cambio climático como pola súa función de soporte da biodiversidade.

En canto á **fragmentación do territorio**, o plan recolle as afeccións das canles segundo a normativa sectorial e as zonas de protección costeira do POL, sendo estes dous elementos do territorio os principais corredores ambientais.

Neste senso, é importante ter en conta que a conectividade ecolóxica é fundamental para o correcto funcionamento do sistema ambiental.

EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

En relación á **conservación do patrimonio cultural**, o plan non propón novos exemplos de valor patrimonial, senón que recolle nun mesmo catálogo os distintos elementos culturais, arqueolóxicos e históricos presentes no ámbito autonómico indicando as súas categorías de protección e as súas afeccións. Este esforzo por realizar este inventario coas fichas de todos estes bens contribuirá á súa posta en valor e ao seu coñecemento por parte da cidadanía, o que favorecerá a súa conservación.

Ademais, incorpórase nas ordenanzas a necesidade do cumprimento da normativa de patrimonio en canto á integración dos elementos patrimoniais nas actuacións, e as pautas a cumprir en caso de tratarse de construcións tradicionais.

EFECTOS SOBRE A ATMOSFERA

En relación á **calidade do aire**, a protección dos espazos e hábitats naturais será claramente beneficiosa.

Ademais, ao non propoñerse desenvolvementos urbanísticos de carácter residencial ou industrial, non se prevén incrementos salientables da ocupación do solo que deriven nun aumentos dos desprazamentos coa conseguinte diminución da calidade do aire e o aumento da contaminación acústica.

Neste senso, indícase nas ordenanzas a necesidade de regular as actividades que poidan supoñer un incremento das emisións contaminantes, especialmente na ordenanza de solo industrial.

Do mesmo xeito, incorpórase a recomendación de prever medidas para a posible contaminación acústica debida as actividades económicas e ás infraestruturas de mobilidade, a para minimizar a contaminación lumínica, incluíndose este último caso na ordenanza de espazos libres e zonas verdes.

EFECTOS SOBRE O CICLO HÍDRICO

En relación á **calidade da auga**, o plan recolle a rede hidrográfica e a protección sectorial dos canles, favorecendo a súa preservación co conseguinte efecto positivo.

Incorpórase a importancia da protección dos bosques de ribeira asociados a estes cursos fluviais, como elementos integrantes dos corredores ecolóxicos.

Por outro lado, non se propoñen novos desenvolvementos polo que non se prevén efectos negativos sobre as augas superficiais ou as augas subterráneas no relacionado tanto cos riscos de contaminación como coa demanda de recursos hídricos.

O plan insta á protección dos espazos naturais e espazos forestais, favorecendo o mantemento da masa vexetal, a recarga dos acuíferos e limitando as perdas de auga.

No relacionado cos sistemas de saneamento, fomentarase o uso do sistema separativo nas novas actuacións, sistemas de saneamento autónomo para as áreas industriais, e solucións específicas para os núcleos rurais.

En canto ao **consumo de recursos hídricos**, indícase a importancia de fomentar un uso racional da auga, promovendo a implantación de sistemas de aforro como o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.

Neste senso incorpórase a necesidade de garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento, e valorar a cobertura do sistema establecendo as medidas necesarias para garantir o servizo ao conxunto da poboación.

EFECTOS SOBRE A ENERXÍA

En relación ao **consumo enerxético**, como xa se ten comentando nos apartados anteriores, non se propoñen novos desenvolvementos urbanísticos que supoñan un aumento no consumo enerxético.

Por outro lado, aínda que o plan non interfire directamente na eficiencia enerxética dos ámbitos, si pode incluír condicionantes que a favorezan. Por iso, nas ordenanzas xerais inclúese a necesidade de avaliar o estado do sistema actual e de adecuar a planificación aos recursos dispoñibles, promovendo o aforro enerxético.

Tamén se indica a recomendación do emprego de criterios bioclimáticos nas ordenacións e nas edificacións, así como a mellora das condicións do illamento térmico.

Na ordenanza de equipamentos e espazos verdes, recóllese a importancia de fomentar a eficacia do alumeado urbano e das instalacións de edificios públicos.

E en relación aos recursos enerxéticos renovables, indícase no plan que se deberán fomentar este tipo de fontes de enerxía, moito máis respectuosas co medio ambiente.

EFECTOS SOBRE O CICLO DE MATERIAIS

En relación coa **xeración de residuos**, ao tratarse dun instrumento non propositivo en canto aos desenvolvementos urbanísticos, non se prevén efectos derivados do aumento dos residuos, tanto debidos a procesos de urbanización e construción, como á explotación e uso desas edificacións e espazos.

No plan incorpórase a necesidade de contribuír á xestión eficiente dos residuos, fomentando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, ademais de garantir a capacidade de recollida no ámbito.

EFECTOS SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

En relación coas **emisións de GEI** (gases de efecto invernadoiro), do mesmo xeito que no punto anterior, ao non propoñerse novos desenvolvementos residenciais ou industriais, non é de esperar que haxa efectos salientables.

Por outro lado, o plan promove a conservación dos espazos naturais e dos espazos forestais, áreas chave na atenuación dos riscos asociados ao cambio climático xa que actúan como sumidoiro urbano de CO2, e mitigan as posibles afeccións relacionadas co cambio climático.

No caso dos asentamentos, os modelos dispersos supoñen un maior gasto enerxético e unhas maiores necesidades de mobilidade, que é a principal fonte de emisións de GEI. Neste senso, o plan no intervén na configuración do sistema de asentamentos, pero incorpora na súa documentación a necesidade de promover a compactidade dos núcleos.

No caso do transporte, recóllese tamén a recomendación de potenciar as redes de transporte público.

E no tocante ás áreas costeiras, recórdase a importancia de estudar os efectos da variación do nivel do mar no litoral e establecer posibles medidas.

EFECTOS SOBRE A MOBILIDADE

En relación coas **necesidades de mobilidade**, non se propoñen novos desenvolvementos que xeren novos desprazamentos.

De tódolos xeitos, incorpórase a necesidade de estudar a mobilidade e o estado do tráfico do ámbito, así como de favorecer a eficiencia do transporte público nos casos en que sexa posible e a intermodalidade.

O plan tampouco proxecta novas infraestruturas que poidan xerar efectos negativos derivados do seu impacto paisaxístico, contaminación debido á súa construción e explotación ou o efecto barreira nos corredores ecolóxicos.

EFECTOS SOBRE A SOCIEDADE

En relación á **calidade de vida da poboación**, o feito de facilitar a protección de elementos con gran importancia ecolóxica no territorio favorece de maneira directa e indirecta o aumento da calidade de vida dos habitantes.

Como non se propoñen desenvolvementos urbanísticos no PBA nin no PBM, non se producirán efectos negativos derivados dos procesos de urbanización e das obras sobre o medio ambiente e a saúde da poboación.

Por outro lado, incorpórase na documento a necesidade de analizar a realidade socioeconómica do ámbito para axustar a oferta de equipamentos e espazos libres ás necesidades da poboación, o que creará un efecto positivo no mantemento da poboación rural, así como a importancia da busca da mellora da calidade de vida e a habitabilidade no medio urbano e no medio rural.

6.- INCIDENCIAS PREVISIBLES SOBRE OS PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES

A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, establece os obxectivos e instrumentos mediante os que se desenvolverá a ordenación territorial da Comunidade Autónoma, que segundo determina no seu artigo 5 "*son complementarios e non excluíntes dos que respecto á ordenación urbanística se regulan na súa lexislación específica*".

A proposta de Plan básico autonómico recolle as directrices estratéxicas do planeamento sectorial e urbanístico de rango superior, e ten completa compatibilidade con estes planeamentos.

Polo tanto, o plan proposto ten en consideración e formúlase en coherencia con:

- As Directrices de ordenación do territorio
- O Plan de ordenación do litoral
- Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

6.1.- RELACIÓN COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)

As DOT, tal e como indican no propio documento "*teñen como finalidade básica definir un Modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz.*"

Por outro lado, segundo o artigo 9 da LOT "*as determinacións contidas nas directrices de ordenación do territorio terán, en todo caso, a forza vinculante que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz."*

O PBA, ten como unha das súas determinacións básicas, identificar os asentamentos de poboación existentes no ámbito da comunidade, e os clasifica seguindo o esquema do sistema de asentamentos establecido polas DOT.

6.2.- RELACIÓN CO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (POL)

O POL ten a natureza dun plan territorial integrado e o seu obxectivo principal é, tal e como indica na súa normativa "*establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.*"

A súa funcionalidade establécese no artigo 12.1 da LOT segundo o cal "*en desenvolvemento das directrices de ordenación do territorio poderán formularse plans territoriais integrados dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou daquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, precisen dunha planificación infrastrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado*"

En canto á súa eficacia, o artigo 14 da devandita norma establece que "*as determinacións dos plans territoriais integrados terán, en todo caso, a forza vinculante que sexa congruente coa súa funcionalidade e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que haberán de operar*".

O PBA recolle o seu ámbito de aplicación e certas zonas vinculadas co patrimonio natural e paisaxístico como as áreas de protección costeira e os espazos de interesa paisaxístico.

6.3.- RELACIÓN CON PLANS E PROXECTOS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o artigo 22 da LOT *"teñen por obxecto regular a implantación territorial de solo destinado a vivendas protexidas, infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos."*

En relación á súa eficacia, o artigo 24 indica que "*as determinacións contidas nos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal vincularán o planeamento do ente ou entes locais no que se asenten ditos plans ou proxectos, que haberán de adaptarse a elas dentro dos prazos que a tal efecto determinen.*"

Para a elaboración do presente PBA, téñense en conta os seguintes plans sectoriais:

- Plan eólico de Galicia
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020
- Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa
- Plan sectorial de ordenacións das áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria na costa galega

- Plan galego de acuicultura
- Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL

Tamén se inclúe a referencia aos proxectos sectoriais existentes no ámbito.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2017

Carmen María Fernández Gasalla
Enxeñeira Agrónoma
Enxeñeira Técnico Forestal



Silvia Gómez Campos
Arquitecto Urbanista

